

BANDOS

Permítese por orde da Alcaldía
aparcar onde veña en gana,
e aos profesores aprobar alumnos pola cara.
Dende agora permítese non ir ao lavabo,
onde fagan as súas necesidades,
tráenos sen coidado.
Permítese aos do Celta,
que tamén zurren aos de Italia,
nós dende logo,
non lles diremos nada.
Permítese á xente, se vai calor,
que vaia espida,
iso do pudor é unha cousa ridícula.
Dende agora está permitido o machismo,
pero que non se queixen,
se lles veñen as do feminismo.
E as mulleres que sexan
víctimas dun pervertido
se fai falla, que lle peguen un tiro.
Aínda así, cidadáns,
andade con tino,
que isto moi pronto, se converte nun vicio.
Sobre todo para os homes,
que por ter moita cara,
tíranse no sofá,
e non fan nada,
en toda a semana.

Daniel Omil Carracelas

Permítese soñar esperto,
ou simplemente soñar.
Permítese non lixar o Concello
ou simplemente non ensucialo.
Permítese bicar,
ou simplemente agarimar.
Permítese ser bo,
ou simplemente ser.
(normativa do 12/3/07)
Asinado pola alcaldesa de Vilaseca

Lucía Estévez Villanueva



BANDOS

Permítese pola miña orde
usar sandalias para ir ó monte.
Permítese tamén nadar
no Océano Glacial Ártico
levando unha bufanda sempre
para non constiparse.
Tamén se permite
falar nas bibliotecas
todo o alto que se queira.
Permítese comprar o mundo enteiro
sen pagar nada, e as estrelas,
pagando só uns poucos céntimos.
Permítese (e obrígase) levar algo amarelo
cando se está na televisión.
Permítese xogar ó balonmán
na clase sempre que se queira
e que os profesores se unan
cando queiran.
Por último permítese ser
sempre un mesmo e non
enganarse a si mesmo finxindo
ser outras persoas.
Asinado e rubricado.

Pablo Pastoriza (Documentos persoais)

Permítese rir, chorar e gritar,
non facer deberes, só estudar,
permítese copiar,
pero hai que chamarlle comparar.
Permítese facer todo o que un queira
se dentro disto entra:
dignidade, cordialidade e esperanza.

Miriam Entenza

